

DECRETO DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DECRETO NÚMERO 2019-1944 DE DATA 05/06/2019 SOBRE A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL, AO AMPARO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2019.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Presentar novamente a oferta de socorrista ante o Servizo Público de Emprego , por quedar unha das prazas convocas valeira.

SEGUNDO: Modificar as bases e so seus anexos que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo laborais para o programa denominado “DINAMIZACIÓN DO SERVIZO DE SOCORRISMO” ao abeiro da ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 (DOG núm. 6 do 9 de xaneiro de 2019) (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato temporal coas cláusulas de traballos de interese social) para a contratación de 2 persoas para o posto de socorrista coas características que a continuación se detallan:

NÚM TRAB.	GRUPO COTIZACIÓN SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2019 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA	CNO	DENOMINACIÓN
2	5	SOCORRISTA	84	3	100,00%	59921017	SOCORRISTA

Concretamente modificar o seu punto 4.2 e 4.3 das citas bases onde establece o prazo de presentación no Concello dos aspirantes remitidos polo Servizo público de Emprego de Galicia e 4.3 Lugar de presentación. As persoas aspirantes teñen que presentar o anexo I e demais documentación establecida nas bases o día da proba perante o tribunal .

TERCEIRO: Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases e anexos no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web do Concello (www.ponteareas.es).

CUARTO: Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local , intervención para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asino en Ponteareas, á data que consta á marxe.

O Alcalde